

PROTECCIÓN DA IMAXE DO MENOR

1. ¿CÓMO SE REGULA LA PROTECCIÓN DE LA IMAGEN DEL MENOR?. (MAGISTERIO, 06/06/07)

Soy el director de un colegio de Primaria. Varios profesores dudan si pueden hacer fotos a los niños en las excursiones, para luego colgarlas en el centro. ¿Atenta esto a la imagen del menor?. J.N. Comunidad de Madrid.

Aunque pueda parecer una obviedad, por encima de todo, los centros educativos deben ser plenamente conscientes de que los alumnos son titulares de dos derechos fundamentales que hay que respetar: el derecho a la protección de sus datos y el derecho a su intimidad, dentro del que podemos incluir la protección de la imagen del menor.

Hasta ahora, ni la LOGSE ni la LODE hicieron ninguna referencia a este derecho; y aunque la LOCE sí mencionaba el derecho a la intimidad, lo hacía dentro de los deberes del alumno con la comunidad educativa y no como un derecho propio del menor.

Es ahora con la LOE cuando se hace una mención específica de la protección de los datos personales de los alumnos.

Dentro de la Comunidad de Madrid, la Ley 6/1995, de 28 de marzo, de Garantías de los Derechos de la Infancia y Adolescencia de la Comunidad de Madrid aborda la protección a la intimidad de los menores de la misma forma que la Ley Orgánica 1/96, prohibiendo la difusión de información o la utilización de imágenes o nombre de los menores en los medios de comunicación que puedan implicar una intromisión ilegítima en su intimidad, honra o reputación, o que sea contraria a sus intereses.

Lexislación aplicable para a C. Autónoma de Galicia:

- Artigos 1 ao 9 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro (BOE do 17), de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Enxuizamento Civil.

- Artigos 8º e 9º da Lei 3/1997, do 9 de xuño (DOG do 20), galega da familia, da infancia e da adolescencia.

En cuanto a la pregunta que nos formula, decirle que hay que acogerse a lo establecido en la normativa de protección civil del menor, según la cual, para la captación de imágenes del menor se exige la previa autorización de sus padres o representantes legales e, incluso del propio menor que haya alcanzado una madurez suficiente que le permita tomar estas decisiones.

Desde la Oficina del Defensor del Menor de la Comunidad de Madrid, a la que llegan muchas quejas a este respecto, nos indican que la mejor solución para estos casos es que a principio de curso se envíe una circular a los padres para que presten su autorización; no sólo para captar imágenes, sino también para luego utilizarlas, para uso privado del centro no para su difusión pública, puesto que sería esta una intromisión ilegítima en los derechos del niño, aun cuando haya habido autorización.

Recomendamos que si el centro dispone de página web, evite colgar cualquier dato personal o imagen del menor que luego pueda ser utilizado por cualquier persona que acceda a la página, vulnerándose así el derecho a la intimidad del alumno.

(Magisterio, 06/06/07)

2. PROTECCIÓN DO DEREITO Á PROPIA IMAXE

Resposta da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, do 4 de xaneiro de 2008, en relación coa protección do dereito á propia imaxe dunha determinada alumna.

En relación co oficio remitido desde ese servizo ao que acompaña escrito do director... en relación coa protección do dereito á propia imaxe dunha alumna do devandito centro, cómpre informar o seguinte:

A normativa que regula a protección da propia imaxe é a Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección Civil do Dereito ao Honor, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia imaxe (BOE do 15 de maio).

A devandita lei recolle no seu capítulo II, no artigo sétimo:

Terán a consideración de intromisións ilexítimas no ámbito de protección delimitado polo artigo segundo desta Lei:

Un. O emprazamento en calquen lugar de aparellos de escoita, de filmación, de dispositivos ópticos ou de calquera outro medio apto para gravar ou reproducir a vida íntima das persoas.

Dous. A utilización de aparellos de escoita, dispositivos ópticos, ou de calquera outro medio para o coñecemento da vida íntima das persoas ou de manifestacións ou cartas privadas non destinadas a quen faga uso de tales medios, así como a súa gravación, rexistro ou reprodución.

Tres. A divulgación de feitos relativos á vida privada dunha persoa ou familia que afecten á súa reputación ou bo nome, así como a revelación ou publicación do contido de cartas, memorias ou outros escritos persoais de carácter íntimo.

Catro. A revelación de datos privados dunha persoa ou familia coñecidos a través da actividade profesional ou oficial de quen os revela.

Cinco. A captación, reprodución ou publicación por fotografía, filme, ou calquera outro procedemento, da imaxe dunha persoa en lugares ou momentos da súa vida privada ou fora deles; salvo os casos previstos no artigo oitavo, dous.

Seis. A utilización do nome, da voz ou da imaxe dunha persoa para fines publicitarios, comerciais ou de natureza análoga.

Sete. A imputación de feitos ou a manifestación de xuízos de valor a través de accións ou expresións que de calquera modo lesionen a dignidade doutra persoa, menoscabando a súa fama ou atentando contra a súa propia estimación.

Ante a pregunta realizada polo director do centro, sobre cal deberá ser o comportamento nun caso como o que se presenta por non autorizar uns pais ao colexio a realización das fotografías e vídeos das distintas actividades que se realicen no centro, pasa a valorarse cada unha das posibles respostas ofrecida polo propio director do colexio e que son:

a) Suspender a actividade para evitar a toma de fotos: Non sería lóxico privar a todos os alumnos dun grupo ou dun determinado nivel da realización dunha actividade pola decisión unilateral duns pais que non autorizan a retratar á súa filla.

b) Facer a actividade pero sen fotos de ningún tipo: Se en todas as actividades que se desenvolven no centro habitualmente se facía un vídeo e se tomaban fotos, hai que seguir a facelo, coidando de non tomar fotos nin filmacións de primeiros planos da pequena, pero si en fotos ou filmacións de grupos ou da totalidade dos nenos participantes.

c) Apartar en cada caso á alumna en cuestión a un lado mentres se realiza a foto ou o

vídeo: Eso sería realmente grave pois estaríase a discriminar a alumna que tería que sentirse incómoda se para cada unha das tomas que se quixeran facer tivera que saírse do grupo.

d) Algunha outra alternativa que non percibimos: Non se debe de mudar o xeito de actuar que se seguía ata o momento, a excepción de procurar evitar primeiros planos da alumna de referencia.

No presente caso, non se da ningunha das intromisións recollidas no artigo de referencia, polo que non cabe denuncia algunha por parte dos pais da alumna.

De todos os xeitos existe xurisprudencia sobre que a toma de imaxes das actividades escolares, extraescolares e complementarias non supoñen intromisión ilexítima na protección civil da propia imaxe.

O artigo oitavo da Lei Orgánica 1/1982, recolle no seu apartado Dous:

"En particular, o dereito á propia imaxe non impedirá:

a.

b.

c. A información gráfica sobre un suceso ou acaecemento público cando a imaxe dunha persoa determinada apareza como meramente accesoria".

Por todo o anteriormente exposto, considérase necesario que o centro continúe actuando conforme facía habitualmente, sen ter en consideración a negativa concreta dos pais da alumna que negan a posibilidade de retratar ou filmar á súa filia nas actividades que se realicen no centro, dado que non se está a realizar ningunha das accións de intromisión ilegal na vida privada ou o seu ámbito da alumna de referencia, sempre evitando a toma en primeiros planos da devandita alumna, tanto nas fotografías como nas filmacións en vídeo, considerando tamén que a aparición da alumna nas filmacións e fotografías e "meramente accesoria".

En canto á solicitude de autorización concreta para proceder á toma de fotografías e filmación das actividades desenvolvidas no centro, non debería de solicitarse dado que non é necesario por formar parte da actividade habitual do centro educativo e, ademais estar recollidas as devanditas actividades na programación xeral anual do centro.

Santiago de Compostela, a 04 de xaneiro de 2008.

José Graña Carrodegas

Subdirector xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.